

CONCURSO TRASLADOS 2025

CATEGORÍAS PENDENTES

No DOG de hoxe **04.09.2025** publicouse a resolución do 21 de agosto de 2025 da Dirección Xeral de RRHH do SERGAS pola que se aproba a **oferta de destinos** (e posibles resultas) no ciclo do **CAP 2025** nas categorías que estaban pendentes: licenciados sanitarios, persoal sanitario non facultativo e persoal de xestión e servizos.

A partir de mañá ábrese **un prazo de 15 días naturais** (do **05.09.2025** ao **19.09.2025** ambos incluídos) para que as persoas admitidas, se así o desexan, poidan no seu formulario de participación do FIDES:

- **Engadir ou modificar os destinos.**
- **Cambiar a orde das prazas.**
- **Baleirar a solicitude de destinos** e así decaer na participación no CAP.

Os/as participantes que non desexen modificar a elección de destinos realizados, non terán que realizar ningunha actuación.

Tedes á vosa disposición nos nosos locais sindicais e no seguinte código QR os **listados de prazas a ofertar** e os **listados de posibles resultas**.

Para máis información,
acode a túa sección sindical de CCOO



4 de setembro do 2025